

A Cámara de Vigo tramita dende hoxe a alta dos traballadores autónomos

- A institución cameral segue encabezando o ranking galego na creación de Sociedades Limitadas
- A tramitación telemática ofrece maior axilidade á hora de crear unha empresa que a tramitación presencial

Vigo, 25/06/10.- A Cámara de Comercio de Vigo acaba de empezar a tramitar a alta dos traballadores autónomos, un paso máis a favor da creación de emprego e que nace co obxectivo de facilitar aos emprendedores a posta en marcha dos seus negocios.

Ata agora, as persoas que querían iniciar a súa actividade como traballadores autónomos tiñan que solicitar a súa admisión en Facenda e na Seguridade Social. Con esta posta en funcionamento, o emprendedor tan só terá que acudir ao departamento de emprego da Cámara de Comercio de Vigo, o que supón un importante aforro de tempo e de desprazamentos. Aquí, e de maneira telemática, serán dados de alta, xa que a Cámara de Vigo é un Punto de Asesoramento e Inicio de Tramitación (PAIT).

A institución cameral tramita tamén a posta en marcha de SL e SLNE. Neste sentido, cabe destacar que Vigo segue liderando o ranking galego na tramitación de Sociedades Limitadas (SL), por enriba do resto de Cámaras galegas e das oficinas territoriais do Igape. A tramitación telemática ofrece maior axilidade á hora de crear unha empresa que a tramitación presencial. Ademais require menos desprazamentos aos distintos organismos. Todo elo se traduce en que un empresario pode iniciar a súa actividade en só tres días. Esta posibilidade arrancou no ano 2003 grazas a unha modificación que regulaba ás sociedades limitadas. Os primeiros trámites en adecuarse a este tipo de xestión telemática foron os da Sociedade Limitada de Nova Empresa (SLNE). Tres anos máis tarde, en 2006, a opción estendeuse ás Sociedades de Responsabilidade Limitada en xeral (Real Decreto 1332/2006, de 21 de novembro).

¿Como funciona?

O emprendedor debe dirixirse aos Puntos de Asesoramento e Inicio de Tramitación (PAIT) nos que se lle asesora en todo o relacionado coa definición do seu proxecto empresarial e se lle permite iniciar os trámites de constitución e posta en marcha do mesmo por medios telemáticos. O Sistema de Tramitación Telemática (STT) do Centro de Información e Rede de Creación de Empresas (CIRCE) é un sistema informático de tramitación de expedientes electrónicos que, a través do Documento Único Electrónico (DUE), levará a cabo o intercambio da documentación necesaria para a creación de empresas.

A tramitación telemática implica aos diferentes organismos competentes na creación dunha empresa permitindo a comunicación entre eles e acelerando a creación da mesma.